

8M

2024

Día Internacional das Mulleres

LIBRES E UNIDAS, CONQUISTAND IGUALDADE



As Confederacións Sindicais de Comisións Obreiras (CCOO) e da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), diante da conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, **MANIFESTAMOS** que a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes é o obxectivo irrenunciable que inspira as nosas sistemáticas actuacións e fundamenta as nosas reivindicacións. **COMPROMETEMOS** a nosa forza sindical para que, por fin, se faga efectivo o dereito á igualdade das mulleres, velando por que se cumpra especialmente nun ámbito que nos concirne directamente, como é o laboral.

En UGT e CCOO temos presente todos os días que a conquista da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes implica conseguir que os espazos de traballo estean libres de discriminacións e violencias contra as mulleres e a ese fin dedicamos a loita sindical.

Agora, ante un novo **8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres**, unha xornada reivindicativa na que todas as mulleres do mundo e todas as organizacións que traballamos pola igualdade real e efectiva saímos á rúa coas nosas reclamacións, cunha soa voz, polos dereitos das mulleres do mundo, é unha ocasión para facer balance dos pasos que imos avanzando, dos riscos de retroceso

(que en moitas partes do mundo non son só ameazas, senón realidades) e das cuestións pendentes que aínda quedan por lograr: por fin, un mundo onde a igualdade sexa lei e sexa realidade.

Deixamos atrás un ano, o 2023, de sabor agridoce. Foi un ano complicado polas crises que se superpuxeron (enerxética, inflacionista, migratoria, de coidados...), polas guerras en aumento, por transicións económicas en marcha (como a dixitalización), polo agravamento da emerxencia climática, etc. As transicións poden ser oportunidades pero, se non se actúa con políticas decididas con transversalidade de xénero, a inercia conduce a

MANIFESTO

#8M

que teñan amplas e negativas repercusións nas mulleres que poden agravar situacións de desigualdade estrutural, impactando de forma moi profunda, especialmente, nalgúns grupos de mulleres nos que converxen diferentes factores de discriminación.

No contexto político, en maio de 2023 finalizou a XIV lexislatura, a do primeiro Goberno de coalición progresista (PSOE e Unidas Podemos) que trouxo logros fundamentais en materia lexislativa, moitos deles froito do diálogo social, cun impacto moi positivo nas mulleres e na redución das fendas de xénero, como, por exemplo, a **reforma laboral** que multiplicou por catro a contratación indefinida, incluída a das mulleres, e reduciu a temporalidade; os **RD 901 e 902** que regulamentaron a obrigatoriedade dos plans de igualdade nas empresas e supoñen avances para a igualdade retributiva; o **RDL de equiparación do emprego do fogar** que lles recoñece ás traballadoras do fogar o dereito ás prestacións de desemprego, tanto contributivas como asistenciais, entre outras melloras; as **reformas de pensións** de 2021 e 2023 que, ademais de asegurar a sostibilidade do sistema público e a capacidade adquisitiva das persoas pensionistas, incluíron medidas dirixidas a reducir a fenda de xénero; o **aumento do SMI** que, xunto co **aumento dos salarios en convenios pactado no V AENC** (cunha media do 4,6 %), tivo un impacto directo nos salarios de millóns de mulleres, especialmente entre as que reciben un menor salario. Cabe resaltar que o Goberno elevou o SMI desde os 735 euros en 2018 ata os 1080 en 2023, un incremento do 47 %. Co aumento aprobado para o 2024 (do 5 %), o SMI increméntase un 54 % desde 2018. Ademais, a pasada lexislatura trouxo novas leis que consolidaron novos dereitos para as mulleres; entre elas destacamos a *Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade*

sexual, e a *Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo*, xunto a novos permisos de conciliación corresponsable e a posta en marcha de programas como o **Plan Corresponsables**, que poñen na axenda pública a urxente necesidade de cambiar de modelo de coidados.

As eleccións autonómicas de maio de 2023 trouxeron un avance da ultradereita en gobernos e entidades locais da man do pacto entre PP e Vox. Algunhas das súas primeiras medidas, alí onde conseguiron pactar gobernos, foron a eliminación das estruturas de igualdade (concellerías, oficinas...) e a redución drástica, cando non eliminación, de partidas orzamentarias e programas de coeducación, educación para a igualdade e a diversidade, prevención de violencia de xénero, etc.

Este avance institucional da ultradereita negacionista trae consigo consecuencias para as mulleres, as persoas LGTBI, migrantes, para o sindicalismo de clase, para o diálogo social, o cambio climático, a Axenda 2030, para todo o que significa avanzar nun mundo igualitario, inclusivo, tolerante e sostible.

Pero o noso diagnóstico revela aínda **persistentes fendas de xénero**. É verdade que hoxe en Galicia traballan 1 140 000 persoas (aproximámonos aos máximos de antes da crise de 2008); delas, 550 000 mulleres. Pero aínda subsiste unha intolerable fenda de xénero na actividade de preto de oito puntos. No Estado si se acadan máximos de emprego —21 millóns de persoas— e tamén máximos de emprego feminino: 9,8 millóns, (cunha fenda **na actividade** de dez puntos). Do mesmo xeito que a fenda de xénero **no emprego, o traballo a tempo parcial** segue feminizado,

coma no Estado: sete de cada dez empregos a tempo parcial desempéñanos mulleres, do mesmo xeito que o **paro rexistrado** (seis de cada dez persoas en paro son mulleres tanto no Estado como en Galicia; a porcentaxe é do 58 %). A pesar da redución polo impacto da suba do SMI e os salarios de convenios, persiste unha **substancial fenda salarial**. Segundo os datos da última Enquisa de Estrutura Salarial (EES 2021, INE), as mulleres deixaron de cobrar na súa ganancia anual preto de 5000 euros respecto aos seus compañeiros (4889,82 euros en Galicia e 5212,74 euros no Estado) e unha de cada catro traballadoras cobraba un salario igual ou inferior ao SMI, o 40,2 % (mesma proporción en Galicia ca no Estado).

A violencia contra as mulleres, avivada pola negacionista ideoloxía ultra que fixo do rearmamento patriarcal un dos seus sinais de identidade, non cesou. En 2023 foron asasinadas pola súa parella ou exparella tres mulleres (58 no conxunto do Estado, **unha cada seis días**), unha intolerable e dramática cifra. Seríao igualmente aínda que se tratase só dunha muller asasinada polo feito de ser muller porque, como insistimos, son vidas truncadas de mulleres, non só números.

Estas tres mulleres deixaron dous orfos/orfas (no Estado, as 58 mulleres asasinadas deixaron 57 orfos/orfas). Tamén en 2023 no conxunto do Estado arrepiámonos co asasinato por violencia vicaria de dous menores. Desde 2003 foron asasinadas 67 mulleres (1240 no Estado). E desde 2013, fórono igualmente tres menores (50 no Estado). Ademais, non esquecemos outro feminicidio que no primeiro semestre de 2023 se cobrou a vida dunha muller en Galicia (no conxunto do Estado cobráronse 47 vidas de mulleres).

Desde a nosa dimensión internacionalista, non esquecemos as mulleres do mundo que sofren acotío recortes nos seus dereitos e ven axigantadas as súas discriminacións e violencias. Ningún país logrou plenamente a paridade de xénero e menos do 1 % das mulleres e nenas viven en países con niveis altos de apoderamento feminino e unha reducida fenda de xénero, segundo un informe global de ONU Mulleres e o PNUD. Especial preocupación suscitan as mulleres afgás, as iranianas, as mulleres de Gaza (que son, xunto ás e aos menores, a maioría das vítimas mortais, ao que sumamos o drama das embarazadas e parturientes sen atención médica, etc.) e todas as que viven en contextos bélicos porque sabemos que están enormemente expostas á violencia sexual.

Tamén os dereitos reprodutivos das mulleres están en perigo de retroceso. Catro de cada dez mulleres viven en países que prohiben o aborto. A derogación polo Tribunal Supremo do dereito ao aborto nos EUA en 2022 supuxo que, un ano despois, segundo reflicte Amnistía Internacional, unha de cada tres mulleres non pode abortar no seu propio Estado. En Arxentina, Milei acaba de rexistrar unha iniciativa para acabar co logrado dereito ao aborto, encarcerar as mulleres que aborten e o persoal médico que as asista.

UGT e CCOO facemos un chamamento especial ao valor democrático para defender a igualdade ante unhas posicións políticas ultradereitistas parapetadas tras un rearmamento patriarcal e que fan sinal de identidade do seu ataque aos dereitos das mulleres, do seu antifeminismo, do seu negacionismo da violencia de xénero, xunto ás campañas de degradación e hostilidade que dirixen ao sindicalismo de clase, contribuíndo a vulnerar principios esenciais da democracia e a Constitución.



PARA CCOO E UGT É PRIORITARIO:

- Impulsar a negociación colectiva de medidas e plans de igualdade, esixindo o cumprimento da negociación dos plans de igualdade nos termos que obriga a lexislación e aproveitando a potencialidade da negociación colectiva como correctora de desigualdades.
- Seguir a liña de incremento do SMI ata situalo no 60 % da media salarial, en cumprimento da Carta Social Europea, e garantir o incremento de salarios por Convenio, en cumprimento do VAENC.
- Mellorar as políticas activas de emprego e, en especial, as dirixidas ao incremento da inserción e permanencia laboral de determinados grupos de mulleres con dificultades específicas (maiores de 45 anos, novas, sen cualificación ou con necesidades de recualificación, residentes no ámbito rural, con discapacidade, migrantes, etc.).
- Adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos e, especialmente, en materia de coidados. Dignificar o sector de coidados e adoptar políticas de corresponsabilidade efectiva. Transposición real da Directiva 1158 sobre conciliación da vida familiar e a vida profesional das proxenitoras e proxenitores e persoas coidadoras, garantindo que o permiso parental de oito semanas sexa retribuído na súa totalidade.
- Investir en infraestruturas públicas adecuadas, suficientes, alcanzables e de calidade para o coidado de familiares e fortalecer a oferta pública de infraestruturas e servizos relacionados co coidado (dependencia, maiores, sanidade, servizos sociais) con emprego e recursos públicos.
- Acometer os aspectos pendentes da ratificación do Convenio 189 da OIT, especialmente, polo dereito efectivo á negociación colectiva das traballadoras do fogar.
- Realizar as modificacións lexislativas necesarias para a plena posta en práctica do Convenio 190 da OIT, ratificado por España, sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo, para garantir que os espazos de traballo e as relacións laborais estean libres de violencia.
- Impulsar unha reforma educativa baseada na coeducación, que integre a educación na igualdade e no respecto á diversidade e estender as infraestruturas públicas para a atención e coidados de calidade, accesibles e adecuados, a toda a poboación de 0 a 3 anos.

CCOO e UGT chamamos
as traballadoras e
traballadores a
**participaren de forma
activa** nos distintos
actos, mobilizacións e
manifestacións unitarias
que terán lugar o
**8 de Marzo,
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES.**

